

Episodios de Resistencia ao Golpe en Galiza- Lenda Mapa

Asaltos a Casas Reitorais

39. Un grupo de fuxidos asalta a reitoral de Sárdoma en Vigo o 25 de xullo de 1936

40. O 28 de xullo de 1936 un grupo de 5 homes liderado polo antigo militante do “Sindicato de Peóns” (CNT) e do Ateneo Popular de Vilagarcía de Arousa, Ramón Díaz Hermo (PCE), asalta a reitoral de Abalo, levando víveres e queimando unha bandeira monárquica.

41. Asalto e incendio da Casa reitoral de Castro de Rei-Paradela, resultando morto o cura. Lévese a cabo unha batida de 70 falanxistas de Sarria, Chantada, O Incio e Monforte, co resultado da detención de 11 fuxidos.

Presenza de fuxidos

1 e 24. Nos montes de Lobeira e Xiabre e nas casas da contorna existe unha gran concentración de fuxidos e desertores ata o remate da Guerra Civil con dirección confederal e comunista. Entre as partidas máis destacadas estiveron a de Ramón Díaz Hermo, a encabezada polo tamén confederal Rodrigo Beruete “El Gitano” e a do desertor do exército Serafín Nogueira Santorum “Baleiro”.

2-12-17. En 1937 tamén comeza a estar activo un grupo de antigos confederais como Antonio Sánchez, Jesús Lavandeira “Ladrillos” ou Benigno Andrade “Foucellas”, radicado entre Betanzos, Curtis e Mesía.

3. Entre Ourense, Cenlle e Ramirás, comeza a actuar un grupo encabezado polo militante comunista Manuel Álvarez Silva. Entre Muíños, Lobios e Bande radica, o grupo liderado por Albino Gómez Rodríguez “Moreiras”. Ambos contaban con portugueses nas súas ringleiras con base de retagarda entre A Peneda, Gêres e O Barroso.

4-8-16-18. No outono de 1936 catro fuxidos de Corzos-Xares-A Veiga (Domingo Rodríguez “o Inca”, Juan José Rodríguez, Jaime Vega “Sargento” e Alfredo Yáñez “O Aguirre”) acusados da morte do ex alcalde da Veiga, o dereitista da “Acción Popular” José Rodríguez, marchan ao monte. Dende alí, asaltan o pobo e levan algún gando. Logo, diríxense ao Teixedal de Casaio, onde a fins de 1936 se xuntan con outros escapados de Xares e Casaio, formando unha partida de 6 guerrilleiros (Antolín Murias “Paciencia”, Ildefonso Fernández “Cociñeira”, José Vega “Ánimas”, todos eles traballadores do camiño de ferro Zamora-Ourense. En xuño de 1937, enlazan con Manuel Álvarez “O Bailarín” e o seu grupo, ao que a finais de 1938 se incorporarán os irmáns Sebastián e Rogelio Rodríguez López, de Soulecín-O Barco de Valdeorras. Estas partidas permanecerían entre as zonas da Ermida de San Xil-Casaio, Ricosende-Carballeda, A Curra e San Lourenzo-A Veiga, ata entrados os anos 40.

10. Actuación entre Lugo e León (Ancares, Pedrafita e O Bierzo) do cenetista leonés César Terrón e o socialista David Álvarez Fuentes “Velasco” (abatidos, respectivamente, en territorio leonés en 1940 e 1941), cuxa partida estaba constituída por 7 homes, entre eles Antonio Fernández “Fuenteoliva”. Na zona berciana de Carucedo e Borrenes e sen abandonar a zona dende o golpe militar, actúa o confederal Abelardo Macías, xunto con Enrique Oviedo “Chapa”, Gilberto Cuadrado, Manuel Álvarez “O Gaitero” e José Miguel Blanco “Palitos”.

13. En 1937, na zona do Eume (Cabanas, Capela e Monfero) confórmanse varios grupos de fuxidos (maiormente desertores da zona de Soaserra e Regoela-Cabanas) con pouca actividade e armamento sumario. O máis importante foi liderado polo comunista de Mugar dos José Vázquez Mauriz “Patitas” que tentou coordinar o resto de grupos.

5-14. En agosto de 1936 Jesús Lago González “Petrillas” e unha ducia de fuxidos constitúen un grupo estable que actúa na contorna de Cabral e San Paio de Navia, en Vigo ata 1939. As autoridades atribúenlles unha morte en 1936 e varios atracos nos anos posteriores.

9-14-22. En agosto de 1936 comeza a presenza de fuxidos en Cabral, Lavadores, Bembivire e no Val Miñor, onde actúan os irmáns García Molares (“Os Maletas”), os irmáns Julio e Vicente Guillén Biel (“os Guillén”), José Romero González (“O Merrello”), Roberto Oya Alonso (“O Cachopas”) e Manuel Prado Pereira (“Lolito”).

6-7-11. En agosto de 1936 concéntrase un grupo de fuxidos en torno a un vello militante socialista apelidado Sillero, con actuación na Serra de Meira, Pena Redonda, Courel e distritos de Sarria, Becerreá e Pobra do Brollón. Enlazan cun núcleo da zona leonesa de Oencia e outros fuxidos procedentes de Quiroga, Rubiá, Sobradelo, Vilamartín e O Barco.

15. O socialista e tenente alcalde de Monterrei Segio Sandoval refuxiase a fins de 1936 no Cambedo-Chaves. A Garda Civil sináloa como cabeza visible dunha partida con outros veciños de Vilaza, Oimbra, e Ángel Santos, de Flariz (Ángel de Verín ou Luis de Flariz). Pouco despois, andando 1937, aparece no Cambedo Demetrio García “O Pedro”.

15. En 1937, o comunista ourensán Ramón Lafuente Rodríguez refuxiase no Cambedo coa axuda de Luis Soto, onde comanda un grupo resistente. En marzo de 1939, Julián Teixeira Vento delegado da Internacional Comunista e responsable do PCE en Portugal, recibiu a orde do PCE en Francia de abrir un paso de fronteira en correspondencia co PCE na banda galega. Contou coa axuda de Sergio Sandoval e Ángel Santos, herdeiro deste, o chamado “aparello de fronteira” do PCP, que seguiría funcionando na zona comprendida entre Verín e Chaves dende 1942 ata os anos 60.

19. O 23 de agosto de 1936 unha muller que estivo fuxida nos montes de Feans con preto de 150 persoas, foi detida na Coruña. Tiñan apoio no barrio da Silva entre algúns xoves das JJLL.

20. A finais de 1936 comeza a actuar Luis Trigo “Gardarríos” na contorna de Mondoñedo, Lourenzá, Abadín, Muras, Alfoz e O Valadouro. Ás veces o acompañaba un pequeno grupo de guerrilleiros, que actuaba pola zona de Vilalba, Lourenzá e Abadín e refuxiábase na Serra de Meira. Este grupo estivo activo ata 1948.

21. En 1937 comeza a estar activo un grupo guerrilleiro na zona de Ourol e Viveiro, encabezado polo socialista Alejandro Temblás.

22. No mes de setembro de 1936 comeza en Lavadores unha serie de asaltos a establecementos, atracos e roubos a persoas atribuídos aos fuxidos.

23. O 22 de decembro de 1936 uns 15-20 fuxidos procedentes da Serra do Galleiro, algúns deles con uniforme do exército ou fardas falanxistas, asaltan un ultramarinos en San Xoán do Monte-Lavadores, levando grande cantidade de comida, candeas, mantas, utensilios cotiás e diñeiro en efectivo. No asalto morre un falanxista, provocando unha gran operación no Galleiro mediante varias columnas dunha forza mixta composta por centos de militares, falanxistas, gardas civís e cívicos, que obriga á maioría dos fuxidos a abandonar a zona e retornar preto dos seus domicilios en pequenos grupos. Descóbreanse varias covas con armas e alimentos, sendo detidos varios fuxidos.

Enfrontamentos coas autoridades

34. Morte de Uxío Carré e outros tres compañeiros nun enfrontamento no Monte Galán-Elviña-A Coruña.

35. O 4 de agosto de 1936 na estada Celanova-Ourense, no cruce de Piñor, uns individuos dispararon a tropas da Garda Civil, tendo lugar un combate no que morreron tres fuxidos. Na contorna de Ourense, os enfrontamentos armados, atentados e sabotaxes foron frecuentes ata a terceira semana de agosto.

Insurreccións locais

11. O 7 de decembro de 1936 lévase a cabo unha fuga por parte de 16 presos do Depósito Municipal de Becerreá, entre eles o futuro guerrilleiro Antonio Ulloa “Torallo”.

16. O 31 de marzo de 1937 lévase a cabo unha fuga de vinte presos do Castelo de Viana do Bolo, a maioría antigos carrilanos. Algúns incorporáronse máis tarde ás guerrillas como a do “Inca” e a de Mario de Langullo.

22. No mes de setembro de 1936 comeza en Lavadores unha serie de asaltos a establecementos, atracos e roubos a persoas atribuídos aos fuxidos.

26. O 8 de agosto de 1936 elementos comunistas de Sarria ao mando do antigo alcalde Antonio Páramo Sánchez e armados de carabinas e pistolas, asaltaron a polvoreira particular dun pirotécnico local.

27. En agosto de 1936 está activo o grupo de Roberto Oya “Cachopas” na contorna viguesa e O Condado. A Garda Civil acúsalles ata 1939 do asalto ás casas reitorais de Candeán e Bembivre, así como a outras vivendas da zona.

28. Antonio e Avelino Lahoz así como José Covelo, organizan na contorna de Pontearreas unha partida coñecida como “Os Ernestinos”.

29. O 16 de setembro de 1936 prodúcese un incendio provocado por saboteadores nas instalacións da CAMPSA en Coruña.

30. O 23 de setembro de 1936 lévase a cabo unha sabotaxe da liña eléctrica en Carballo.

31-32-33. En 1937 comeza a actuar un grupo libertario que actuaba na zona de Cambre, Oleiros e Bergondo, mantendo unha serie de enfrontamentos cos falanxistas e a Garda Civil, apoiado nunha ampla rede veciñal e familiar.

Cuarteis

37. En setembro de 1936 lévase a cabo unha tentativa de sublevación parte dun grupo de cabos e soldados no Cuartel de Intendencia da Coruña e o 20 de outubro no Cuartel do Regimiento de Infantería nº 29 da Coruña.

38. O 16 e 17 de agosto de 1936 lévanse a cabo varios intentos de levantamento no Cuartel de Infantería de Mariña de Dolores no Ferrol.

38. O 13 de febreiro iniciase un sumario contra varios militares que servían nas baterías da costa de Ferrol, por manter conversas sobre unha acción contra as autoridades militares.